

**14229** *ORDE EHA/2243/2007, do 24 de xullo, pola que se amplía o prazo de presentación das declaracións do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondentes a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español para aqueles suxeitos pasivos cuxo período impositivo finalice entre o 29 de decembro de 2006 e o 4 de xaneiro de 2007. («BOE» 177, do 25-7-2007.)*

O artigo 136 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, dispón que a declaración do devandito imposto se presentará no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

O artigo 21 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes dispón que a declaración do devandito imposto correspondente aos establecementos permanentes se presentará no prazo dos vinte e cinco (25) días naturais seguintes aos seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

O artigo 38.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes dispón que as entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español serán contribuíntes deste imposto e presentarán, nos termos que estableza o ministro de Facenda, unha autoliquidación anual.

O artigo 82 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades dispón que a declaración do grupo fiscal se deberá presentar dentro do prazo correspondente á declaración en réxime de tributación individual da sociedade dominante.

A disposición derradeira única, letra g), do Regulamento do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, habilita o ministro de Economía e Facenda para ampliar, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, o prazo de presentación das declaracións tributarias establecidas na Lei do imposto cando esta presentación se efectúa por vía telemática.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes habilita o ministro de Facenda para aprobar os modelos de declaración deste imposto así como a súa forma, lugar e prazos de presentación.

De acordo co artigo 5 do Real decreto 553/2004, do 17 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, as competencias conferidas ao ministro de Facenda nesta materia débense entender atribuídas na actualidade ao ministro de Economía e Facenda.

Con base nas habilitacións normativas anteriormente referidas, aprobouse a Orde EHA/1433/2007, do 17 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondentes a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, dítanse instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e establécense as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática. O artigo 8 da citada orde establece o prazo de presentación dos modelos 200, 201, 225 e 220 de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con

presenza en territorio español) por medio de papel impreso ou por vía telemática.

Así mesmo, a dita orde, no seu artigo 5, establece a obrigatoriedade de presentación telemática do modelo 200 e do modelo 201, este último para os suxeitos pasivos do devandito imposto que teñan a forma de sociedade anónima ou de responsabilidade limitada e cuxo período impositivo finalice con data do 31 de decembro de 2006 ou posterior.

O corte de subministración de enerxía eléctrica acaecido en Barcelona desde o día 23 de xullo de 2007, que impediu o acceso á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a presentación telemática das declaracións modelos 200, 201, 225 e 220 correspondentes aos citados impostos, así como para a descarga dos correspondentes programas de axuda e a proximidade, en determinados casos, da finalización dos prazos de presentación, aconsellan a ampliación dos devanditos prazos.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Ampliación de prazo.*

Amplíase ata o 30 de xullo de 2007 o prazo para a presentación dos modelos 200, 201, 225 e 220 correspondentes á declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza no territorio español para aqueles suxeitos pasivos cuxo período impositivo finalice entre o 29 de decembro de 2006 e o 4 de xaneiro de 2007, ambos os dous inclusive.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 24 de xullo de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**14234** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial. («BOE» 177, do 25-7-2007.)*

Advertidos erros no Real decreto 661 /2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 15 en lingua galega, do 1 de xuño de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1933, primeira columna, no artigo 2, punto 1, letra a) 2.º, onde di: «... non sexa a produción de enerxía eléctrica e/ou mecánica...», debe dicir: «... non sexa a produción de enerxía eléctrica».

Na páxina 1934, primeira columna, no artigo 3, punto 2, onde di: «... para cada un dos grupos definidos...», debe dicir: «... para cada un dos grupos e subgrupos definidos ...».

Na páxina 1939, primeira columna, no artigo 20, punto 3, parágrafo terceiro, onde di: «... en ausencia de acordo

entre elas e co xestor da rede autorizado polo órgano competente,...», debe dicir: «... en ausencia de acordo entre elas e o xestor da rede, autorizado polo órgano competente, ...».

Na páxina 1939, primeira columna, no artigo 22, punto 1, parágrafo primeiro, onde di: «... que non poderá ser inferior a doce meses.», debe dicir: «... que non poderá ser inferior a seis meses.».

Na páxina 1941, primeira columna, no artigo 29, punto 2, onde di: «... poderán recibir instrucións do mesmo para a modificación temporal do valor mantido. En caso de cumprimento destas instrucións do operador do sistema, aplicarase...», debe dicir: «... poderán recibir instrucións do operador do sistema para a modificación temporal do valor mantido. En caso de cumprimento destas instrucións, aplicarase ...».

Na páxina 1941, segunda columna, no artigo 31, punto 1, onde di: «... intradiario,...», debe dicir: «... mercado intradiario, ...»; e, no punto 3, onde di: «... exentas de desvíos,...», debe dicir: «... exentas do pagamento do custo dos desvíos, ...».

Na páxina 1943, segunda columna, no artigo 35, punto 4, onde di: «... a retribución será a correspondente á dos grupos b.6, b.7 e b.8, incrementada coas porcentaxes que se establecen na táboa 2 seguinte,...», debe dicir: «... a retribución será a establecida na táboa 2 seguinte, ...».

Na páxina 1947, segunda columna, no artigo 44, punto 1, parágrafo primeiro, onde di: «... anexo VI...», debe dicir: «... anexo VII ...».

Na páxina 1948, primeira columna, no artigo 45, punto 2, onde di: «... 0,2 x Pot, para o resto,...», debe dicir: «... 0,2, para o resto, ...».

Na páxina 1948, segunda columna, no artigo 45, punto 5, onde di: «... artigo 25...», debe dicir: «... artigo 28 ...».

Na páxina 1950, segunda columna, na disposición adicional sexta, punto 2, onde di: «... percibirán unha prima pola súa enerxía vendida no mercado de 1,9147 c€/kWh que será actualizado anualmente...», debe dicir: «... percibirán unha prima pola súa enerxía vendida no mercado de 1,9147 c€/kWh, en lugar da prevista no artigo 45.3 deste real decreto, que será actualizada anualmente ...».

Na páxina 1950, segunda columna, na disposición adicional sexta, punto 3, onde di: «Iguamente, aquelas das instalacións consideradas no parágrafo 1 que utilicen ...», debe dicir: «Iguamente, aquelas instalacións de potencia instalada maior de 50 MW e non superior a 100 MW que estivesen acollidas ao artigo 41.2 do Real decreto 436/2004, do 12 de marzo, que utilicen ...», e onde di: «... percibirán unha prima pola súa enerxía vendida no mercado de 1,9147 c€/kWh que será actualizado anualmente co mesmo incremento que lles sexa de aplicación ás instalacións da categoría a.1.2...», debe dicir: «... percibirán unha prima pola súa enerxía vendida no mercado de 1,9147 c€/kWh, en lugar da prevista no artigo 45.4 deste real decreto, que será actualizada anualmente co mesmo incremento que lles sexa de aplicación ás instalacións da categoría a.1.1 ...».

Na páxina 1951, primeira columna, na disposición adicional sétima, derradeiro parágrafo, onde di: «... no artigo 27...», debe dicir: «... no artigo 30 ...».

Na páxina 1952, primeira columna, na disposición transitoria segunda, punto 1.2, parágrafo segundo, onde di: «c€/kwh», debe dicir: «c€/kWh».

Na páxina 1952, segunda columna, na disposición transitoria segunda, punto 2, parágrafo primeiro, onde di: «... explotacións de porcino e as de tratamento e redución de lodos incluídas na disposición transitoria segunda do Real decreto 436/2004, do 12 de marzo, que contando...», debe dicir: «... explotacións de porcino incluídas na disposición transitoria segunda do Real decreto 436/2004, do 12 de marzo, e as de tratamento e redución de lodos, todas elas cando, contando ...».

Na páxina 1952, segunda columna, na disposición transitoria segunda, punto 3, parágrafo primeiro, onde di: «... artigo 14...», debe dicir: «... artigo 19 ...».

Na páxina 1953, primeira columna, na disposición transitoria segunda, punto 4, parágrafo segundo, onde di: «... como calor útil máxima do proceso de secado do lodo derivado da produción de aceite de oliva o de 594 kcal/kg equivalente. ...» debe dicir: «... como calor útil máxima do proceso de secado do lodo derivado da produción de aceite de oliva ou de 724 kcal/kg e do resto de lodos o de 740 kcal/kg, en ambos os dous casos equivalente ...».

Na páxina 1953, segunda columna, na disposición transitoria sexta, punto 1, parágrafo primeiro, onde di: «... mediante a realización de ofertas, a través dun representante en nome propio, a prezo cero.», debe dicir: «... mediante a realización de ofertas de venda de enerxía a prezo cero no mercado diario, e, de ser o caso, ofertas no mercado intradiario, de acordo coas regras do mercado vixentes, a través dun representante en nome propio.»; e, no parágrafo segundo, onde di: «... e até o 1 de xaneiro de 2009, o distribuidor,...», debe dicir: «... e até a entrada en vigor da figura do comercializador de último recurso, o distribuidor ...».

Na páxina 1953, segunda columna, na disposición transitoria sexta, punto 4, parágrafo segundo, onde di: «... a empresa distribuidora, seralles repercutido un custo de desvío...», debe dicir: «... a empresa distribuidora, esta repercutiralles un custo de desvío...».

Na páxina 1954, primeira columna, na disposición transitoria sexta, punto 6, onde di: «O representante recibirá...», debe dicir: «O xerador ou o seu representante recibirán ...».

Na páxina 1956, primeira columna, na disposición derradeira segunda, punto 3, parágrafo primeiro, onde di: «... deberá ter presentado un aval...», debe dicir: «... deberá ter presentado, ante o órgano competente, un aval, ...», e, no parágrafo segundo, onde di: «... colocadas sobre cubertas ou paramentos de edificacións...», debe dicir: «... colocadas sobre cubertas ou paramentos, ambos os dous de edificacións ...».

Na páxina 1956, segunda columna, na disposición derradeira terceira, parágrafo segundo, onde di: «As referencias aos procedementos só serán aplicables...», debe dicir: «As referencias aos procedementos da sección segunda do capítulo II só serán aplicables ...».

Na páxina 1957, segunda columna, no título do anexo II, onde di: «... grupos b.7, b.8 e b.9...», debe dicir: «... grupos b.6, b.7 e b.8...».

Na páxina 1958, segunda columna, no anexo II, Produtos incluídos no subgrupo b.7.3: débense substituír as letras g) e h) polas letras a) e b), respectivamente.

Na páxina 1963, segunda columna, no anexo VII, parágrafo noveno, onde di: «... Porcentaxe de variación do IPC...», debe dicir: «... Porcentaxe de variación no trimestre do IPC ...».

Na páxina 1964, primeira columna, no anexo VII, letra a), onde di:

$$\llcorner \dots P_{v_{n+1}} = P_{v_n} * (1 + IPC_n) * (1 + \square_n P_v) (1)$$

Onde:

P<sub>v</sub><sub>n+1</sub>: tarifa vixente no trimestre «n+1».

P<sub>v</sub><sub>n</sub>: tarifa de venda vixente no trimestre «n».

IPC<sub>n</sub>: (expresado en porcentaxe): variación do IPC.

□<sub>n</sub> P<sub>v</sub>: corrección global polo índice do prezo de combustible que lle corresponda (IComb) e polo crecemento na taxa do IPC real.

Sendo, pola súa vez:

$$\cdot \square_n P_v = A * {}_n I_{Comb} + B * {}_n PC (2)$$

Onde:

$$\cdot \square_n I_{Comb} = [(1 + \square_n I_{Comb}) / (1 + IPC_n)] - 1$$

sendo:

$$\Delta \text{IComb} = (\text{IComb}_n - \text{IComb}_{n-1}) / \text{IComb}_{n-1}$$

$\text{IComb}_n$ : Índice do prezo do combustible tras a actualización para o trimestre «n»

$$\Delta \text{IPC} = (\text{IPC}_n - \text{IPC}_{n-1}) / \text{IPC}_{n-1}$$

$\text{IPC}_n$ : índice de prezos de consumo ao finalizar o trimestre «n»

A, B: coeficientes fixos de actualización dependentes do nivel de potencia e do combustible utilizado. Os valores aparecen recollidos na táboa nº 1 que se xunta a este anexo.

#### a.2.) Prima

Do mesmo modo se procederá a actualizar trimestralmente a prima definida no artigo 27 deste real decreto, para os subgrupos a.1.1. e a.1.2., substituíndo na anterior fórmula (1) respectivamente  $Pv_{n+1}$  por  $Cr_{n+1}$  e  $Pv_n$  por  $Cr_n$ ; así, a expresión da fórmula de actualización da prima queda deste modo:

$$Cr_{n+1} = Cr_n * (1 + \text{IPC}_n) * (1 + \Delta_n Pv) \quad (3) \dots$$

$$\text{debe dicir: } \dots Pv_{n+1} = Pv_n * (1 + \text{IPC}_n) * (1 + \sigma_n Pv) \quad (1)$$

Onde:

$Pv_{n+1}$ : tarifa vixente no trimestre «n+1».

$Pv_n$ : tarifa de venda vixente no trimestre «n».

$\text{IPC}_n$ : porcentaxe de variación no trimestre do IPC.

$\sigma_n Pv$ : corrección global polo índice do prezo de combustible que lle corresponda ( $\text{IComb}$ ) e polo crecemento na taxa do IPC real.

Sendo, pola súa vez:

$$\sigma_n Pv = A * \sigma_n \text{IComb} + B * \Delta_n \text{IPC} \quad (2)$$

Onde:

$$\sigma_n \text{IComb} = [(1 + \Delta_n \text{IComb}) / (1 + \text{IPC}_n)] - 1$$

sendo:

$$\Delta \text{IComb} = (\text{IComb}_n - \text{IComb}_{n-1}) / \text{IComb}_{n-1}$$

$\text{IComb}_n$ : índice do prezo do combustible tras a actualización para o trimestre «n»

$$\Delta \text{IPC} = (\text{IPC}_n - \text{IPC}_{n-1}) / \text{IPC}_{n-1}$$

A, B: coeficientes fixos de actualización dependentes do nivel de potencia e do combustible utilizado. Os valores aparecen recollidos na táboa nº 1 que se xunta a este anexo.

#### a.2.) Prima

Do mesmo modo se procederá a actualizar trimestralmente o valor da prima definido no artigo 27 deste real decreto, para os subgrupos a.1.1 e a.1.2, substituíndo na anterior fórmula (1) respectivamente

$Pv_{n+1}$  por  $Cr_{n+1}$  e  $Pv_n$  por  $Cr_n$ ; así, a expresión da fórmula de actualización da prima queda deste modo:

$$Cr_{n+1} = Cr_n * (1 + \text{IPC}_n) * (1 + \sigma_n Pv) \quad (3) \dots$$

Na páxina 1964, segunda columna, no anexo VII, letra c), onde di: «... por un coeficiente « $\alpha$ » corrector da prima, determinado a partir da expresión seguinte:

$$\dots 1 - 0,17 (Pv / Cr) \dots$$

debe dicir: «... por un coeficiente « $\beta$ » corrector da prima, determinado a partir da expresión seguinte:

$$\beta = 1 - 0,17 (Pv / Cr) \dots$$

Na páxina 1965, segunda columna, no anexo IX, punto 1, onde di:

$$E_{REE0} = \frac{V}{\text{Re } fH \cdot \left( \frac{1}{\eta_e} - \frac{1}{REE} \right)}$$

“

debe dicir:

$$E_{REE0} = \frac{V}{\text{Re } fH \cdot \left( \frac{1}{\eta_e} - \frac{1}{REE_0} \right)}$$

“

e onde di: « $\eta_e$ : rendemento exclusivamente eléctrico da instalación (E/Q)», debe dicir « $\eta_{ne}$ : rendemento exclusivamente eléctrico da instalación (E/Q)».